

HAMNET

Chloé Zhao, 2025

1670

ESTREA EN NUMAX: 23.01.2026 | V.O.S.E. | +12 | 126 min

Narra a historia de Agnes, a muller de William Shakespeare, na súa loita por superar a perda do seu único fillo, Hamnet. Unha historia humana e desgarradora como pano de fondo para a creación da obra de Shakespeare, "Hamlet".

Adaptación da novela homónima de Maggie O'Farrell.

«Obra mestra fermosa e catártica.
Mescal está marabilloso pero é
Jessie Buckley quen realmente
impresiona»

Angie Han, THE HOLLYWOOD REPORTER



A traxedia como semente creativa

Por Diego Batlle

Hai 27 anos *Shakespeare in Love*, filme de John Madden producido polo entón todopoderoso Harvey Weinstein, arrasaba con 7 premios Óscar, incluídos o de Mellor Película e o de Mellor Actriz para Gwyneth Paltrow. A vida e a obra do dramaturgo e poeta inglés son retomadas agora en *Hamnet*, proxecto no que participaron como produtores desde Steven Spielberg ata Sam Mendes e está baseado na venerada novela de Maggie O'Farrell, quen tamén oficiou como coguionista xunto á propia Chloé Zhao.

Pero *Hamnet* non é tanto sobre William Shakespeare (aquí chamado simplemente Will e nunca polo apelido) senón sobre Agnes (ou Anne), esposa e nai dos seus tres fillos. O personaxe de Paul Mescal ten uns cantos minutos en pantalla, algunhas escenas decisivas, varios momentos para o seu lucimento, pero é a Agnes de Jessie Buckley (unha das principais candidatas a gañar o Óscar), o motor narrativo, o corazón emocional e a dona principal do punto de vista nun camiño tan triste como belo, tan doloroso como conmovedor.

Narrada de maneira máis cronolóxica que a novela, a versión cinematográfica de "Hamnet" inicia co encontro e o namoramento entre Will e Agnes nun contexto non precisamente favorable, sobre todo polas inflexibles posturas de John (David Wilmot) e Mary (Emily Watson), os autoritarios e severos pais del. Will é un titor pobre e desaliñado que ensina latín a uns nenos para pagar débedas familiares e é considerado un inútil por case todos, mentres que Agnes é estigmatizada como unha bruxa do bosque, experta na arte da cetraría e cos que algúns cren son poderes psíquicos especiais. Pero ambos se aman e cren no potencial da súa parella e terminan tendo dous fillos, un dos cales (Hamnet, o único home) falece en 1596, aos 11 anos, a causa da Peste Negra (bubónica) que fixo estragos na Idade Media.

Nese sentido, a película é sobre como transitar o dó, como soportar a dor, como elaborar a perda e -no caso de Will- como converter esa traxedia no xerme dunha das súas principais obras como, si, "Hamlet" (Hamlet e Hamnet eran nomes intercambiables naqueles tempos).

Cultora do realismo máis cru (coa excepción, claro, do encargo de Marvel que supuxo a errada *The Eternals*), pero tamén devota do cinema de Terrence Malick, a directora de *Songs My Brothers Taught Me* (2015), *The Rider* (2017) e *Nomadland* (2020), propón en *Hamnet* un relato de ton e espírito desgarrador e visceral pero xamais solemne nin sádico (o catártico e conmovedor desenlace resultará a clave). E, nese contexto, a ductilidade e potencia de Zhao, pero sobre todo a magnética actuación de Buckley, resultan as cartas de triunfo dun filme que afortunadamente se desmarca de e elude os clichés e estereotipos do cinema de *qualité* e de prestixio ligado á figura e ás creacións de Shakespeare, así como aos habituais e a esta altura un tanto obvios xogos entre a ficción da película e a ficción dentro da ficción.

Publicado en otrosocines.com



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Hamnet,
Maggie O'Farrell.
Libros del Asteroide